



Resolución do 19 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas

Por unha Resolución do 20 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas nas especialidades de acordeón (593001), arpa (593003), canto (593006), clarinete (593008), composición (593010), contrabaixo (593014), clave (593009), dirección de orquestra (593023), etnomusicoloxía (593033), fagot (593030), frauta travesa (593032), gaita (593090), guitarra (593035), historia da música (593039), improvisación e acompañamento (593061), instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco (593092), instrumentos de corda fretada (593095), música de cámara (593050), musicoloxía (593051), óboe (593052), pedagogía (593057), percusión (593058), piano (593059), produción e xestión de música e artes escénicas (593115), repertorio con piano para instrumentos (593098), repertorio con piano para voz (593063), saxofón (593066), trombón (593072), trompa (593074), trompeta (593075), tuba (593076), viola (593077), viola da gamba (593102), violín (593078) e violoncello (593079)

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades antes citadas, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, nas especialidades de arpa (593003), canto (593006), clarinete (593008), composición (593010), contrabaixo (593014), clave





(593009), dirección de orquesta (593023), etnomusicoloxía (593033), fagot (593030), fruta travesa (593032), gaita (593090), guitarra (593035), historia da música (593039), improvisación e acompañamento (593061), instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco (593092), instrumentos de corda fretada (593095), música de cámara (593050), musicoloxía (593051), óboe (593052), pedagogía (593057), percusión (593058), piano (593059), repertorio con piano para instrumentos (593098), repertorio con piano para voz (593063), saxofón (593066), trombón (593072), trompa (593074), trompeta (593075), tuba (593076), viola (593077), viola da gamba (593102), violín (593078), violoncello (593079).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, www.edu.xunta.es, da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sexta da convocatoria acordada pola Resolución do 20 de setembro de 2018, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

